

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba o levantamento da prohibición da práctica da pesca marítima de recreo en superficie en zonas de servizo portuarias e se aproba o procedemento de declaración responsable para a súa práctica en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IF502A).

Antecedentes.

De acordo coa normativa vixente aplicable aos portos e instalacións portuarias e marítimas que sexan da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, está xenericamente prohibida a pesca desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias.

Sendo esta a norma xeral, tanto a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, que tipifica esta actividade como infracción administrativa en materia de portos no seu artigo 131.v), como o artigo 64.c) do Regulamento de servizo e policía portuarios en vigor aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976, que prohíbe realizar esta actividade secundaria, prevén como excepción que permita levantar a dita prohibición que a realización da actividade estea expresamente autorizada.

Polo tanto, Portos de Galicia, en uso dunha potestade administrativa de policía e intervención legalmente atribuída, pode permitir aos particulares o exercicio desta actividade, logo da comprobación mediante declaración responsable do interesado do cumprimento dos requisitos establecidos para tal autorización.

Como é sabido, arredor dun 60 por cento da poboación total das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra reside en concellos que contan con instalación portuarias, instalacións esencialmente destinadas á realización de actividades acordes cos usos portuarios ou complementarios e auxiliares destes tal e como se definen na normativa vixente, pero que pola súa tipoloxía e por estaren en moitas ocasións directamente enraizadas nas vilas e pobos onde se atopan, integradas de feito na súa paisaxe urbana, constitúen tamén espazos en que, con carácter excepcional, se poden admitir outros usos non estritamente portuarios sempre que resulten compatibles con estes, non existan restricións específicas relativas á seguridade ou á protección do ambiente e non prexudiquen as operacións



de tráfico portuario u outras actividades portuarias, tal como acontece coa celebración de actividades e certames diversos de tipo cultural ou deportivo, ou coa celebración de mercados tradicionais e, entre as ditas actividades, constitúe unha aspiración longamente pretendida polo sector da pesca recreativa que se permita a práctica desta actividade nas zonas portuarias.

Polo tanto, o obxecto da presente resolución é levantar a prohibición da realización da actividade secundaria de pescar e, en consecuencia, permitir a realización da actividade de pesca marítima de recreo en superficie nos portos e zonas portuarias que se relacionan nesta resolución.

Para a súa confección foron oídos e tomáronse en consideración as achegas efectuadas pola Federación Gallega de Pesca Marítima, Asociación Galega pola Defensa da Pesca Recreativa (Agadper), Federación Galega de Pesca e Cásting, e por outros afeccionados representativos e colaboradores do sector da pesca de recreo ou deportiva.

Igualmente, tívose en consideración que todas as zonas que se habilitan para realizar a actividade de pesca marítima de recreo se consideren na avaliación de riscos dos portos publicada na web www.portosdegalicia.com e que non sexan incompatibles coas determinacións previstas nos documentos de delimitacións dos espazos e usos portuarios ou dos plans de utilización e usos dos portos, naqueles portos ou instalacións que contén con estas planificacións aprobadas.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, supoñen o escenario normativo base para a consolidación da administración dixital nas administracións públicas e, polo tanto, tamén na Administración xeral e sector público autonómico de Galicia.

En atención ao exposto e en virtude das competencias conferidas a esta Presidencia polo artigo 12.3.l) da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Autorizar a realización da actividade de pesca marítima de recreo en superficie nas zonas habilitadas dos portos e instalacións que se recollen no anexo III da presente



resolución, baixo o estricto cumprimento das condicións que se insiren nesta resolución, e levantar, para tal efecto, a prohibición xeral establecida no artigo 131 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, para esta actividade concreta.

Segundo. Aprobar o procedemento de declaración responsable para a práctica da pesca marítima de recreo en superficie en zonas de servizo dos portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (procedemento IF502A).

O procedemento rexerese segundo as cláusulas incorporadas á presente resolución.

Terceiro. A presente resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e abrirase o prazo de presentación de declaracións responsables a partir desa data, que quedará aberto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Non obstante, os interesados poderán interpor contra esta resolución recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Mediante este documento notifícase esta resolución segundo o exixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2021

Susana Lenguas Gil
Presidenta de Portos de Galicia



ANEXO**Cláusulas que regulan a actividade e o procedemento***Primeira. Normativa*

A normativa de aplicación que regula o levantamento da prohibición da práctica da pesca marítima de recreo en superficie nas zonas de servizo portuarias e o seu procedemento de declaración responsable (procedemento IF502A) é a seguinte:

- Regulamento de servizo, policía e réxime dos portos adscritos á Comunidade Autónoma.
- Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

En todo caso, no suposto de diverxencia entre o presente clausulado e a normativa de aplicación, prevalecerá a normativa vixente.

Segunda. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto é establecer o procedemento de presentación de declaración responsable para a práctica da actividade de pesca marítima de recreo en superficie nas zonas de servizo dos portos titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, unicamente naqueles portos, e nas zonas habilitadas para iso, que se recollen no anexo III da presente resolución.

A práctica desta actividade autorízase baixo o estricto cumprimento das condicións e réxime de prohibicións que figuran na cláusula cuarta da presente resolución, e levántase, nas ditas condicións, a prohibición xeral establecida no artigo 131 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

Segundo as características e as diferentes actividades desenvoltas nos portos e instalacións portuarias, para os efectos de concretar as zonas portuarias habilitadas, e o réxime



de acceso conforme o levantamento da prohibición da actividade de pesca marítima de recreo en superficie, os portos clasifícanse en tres tipoloxías:

Libres: portos sen actividade portuaria intensiva nos cales se permite a pesca recreativa sen limitación de espazos dentro das instalacións portuarias nin de horarios.

Permitido (tramificado): portos con actividade portuaria intensiva en que se permite a práctica da pesca marítima de recreo en superficie en determinadas zonas sinalizadas para o efecto nos planos publicados na web <https://www.portosdegalicia.gal/pesca-recreativa-portos> e indicados no anexo III.

Non permitida: portos con condicións de uso, configuración, servizos e actividades portuarias que non permiten a autorización da práctica da pesca recreativa.

A clasificación de portos e as zonas habilitadas poden consultarse no anexo III e nos planos no sitio web de Portos de Galicia, na seguinte ligazón:

<https://www.portosdegalicia.gal/pesca-recreativa-portos>

Queda excluída da presente resolución de levantamento de prohibición a pesca marítima recreativa submarina.

Terceira. *Órgano competente*

A autorización da realización da actividade de pesca de recreo e deportiva en augas marítimas, levantando para tal efecto a prohibición xeral establecida no artigo 131 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, segundo o disposto no artigo 12.3.l) da Lei 6/2017, é competencia do titular da Presidencia de Portos de Galicia.

Cuarta. *Prazo de vixencia das autorizacións e condicións para a práctica da actividade*

A duración da autorización será dun ano contado desde a presentación en sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencial, nos rexistros habilitados, da correspondente declaración responsable, e poderá renovarse ao remate deste prazo presentando unha nova declaración. Non obstante, a autorización deixará de ter efectos na data de extinción da cobertura do seguro de responsabilidade civil ou na data de extinción da licenza de pesca marítima de recreo.



As autorizacións realizaranse mediante declaración responsable, empregando o presente procedemento, e outórganse para un ou unha pluralidade de portos, para unha persoa física e, se é o caso, para o menor acompañante ao seu cargo.

A entidade pública empresarial (EPE) Portos de Galicia poderá modificar, ampliar ou suspender esta autorización total ou parcialmente por motivos de seguridade, explotación e utilización de espazos portuarios ou por razóns de interese xeral, sendo prevalentes a atención da explotación dos portos e a atención dos sectores portuarios profesionais ou directamente vinculados á actividade portuaria.

Sen prexuízo do exercicio das pertinentes accións civís, penais ou administrativas que poidan acometer os responsables da EPE Portos de Galicia, o incumprimento das condicións establecidas nesta resolución será sancionado de conformidade co previsto no título VI da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

As condicións que rexerán a autorización son as seguintes:

A) Condicións de acceso á zona portuaria:

1. Toda persoa, pescador recreativo ou acompañante, que acceda ás zonas de pesca controladas farao co único obxecto do exercicio da pesca marítima de recreo en superficie e queda expresamente prohibida calquera outra actividade distinta da citada.

2. Cada pescador recreativo poderá acceder cun único acompañante. Os menores de idade deberán ir acompañados/tutelados necesariamente por unha persoa maior de idade.

3. A decisión dos pescadores da práctica da pesca recreativa recollida nesta resolución implica a obriga de formular declaración responsable nos termos establecidos no presente procedemento (código IF502A), e a aceptación incondicionada dos termos desta, incluso dos anexos, e a carga da obriga de identificarse ante o persoal garda peiraos, en canto policía administrativa portuaria, e, de ser requirido para tal efecto, o deber de presentar, no prazo regulamentario que se lle indique toda a documentación relativa a licenzas, permisos, seguros e autorizacións legais que lle sexa requirida.

A negativa a identificarse ante os garda peiraos ou a achegar a documentación que, se é o caso, sexa requirida serán causas expresas de orde de saída da zona portuaria e de eventual levantamento de denuncia por parte do garda peiraos.



4. Durante o acceso ás zonas de pesca controladas os pescadores e os seus acompañantes están obrigados a atender as indicacións e requirimentos que lles manifeste o persoal garda peiraos, en canto policía administrativa portuaria ou outro persoal de Portos de Galicia que, ao abeiro das súas funcións, así o manifeste; a negativa a atender estas indicacións ou o seu incumprimento serán causas expresas de orde de saída da zona portuaria e de posible levantamento de denuncia polo persoal garda peiraos.

5. Os pescadores serán responsables directos dos posibles danos a persoas ou bens privados ou públicos e, así mesmo, dos danos propios, que se poidan producir como consecuencia directa ou indirecta do acceso, estadia ou exercicio da pesca de recreo ou deportiva, e a dita responsabilidade será atribuíble exclusiva e individualmente aos usuarios que xeren o risco causante do sinistro.

6. En calquera caso, os pescadores recreativos que acceden ás zonas de pesca controladas, pola mera decisión de acceder e formular a correspondente declaración responsable, declaran coñecer as características da instalación e asumen o cumprimento das medidas de seguridade publicadas no sitio web de Portos de Galicia na seguinte ligazón:

<https://www.portosdegalicia.gal/pesca-recreativa-portos>

7. As ditas medidas de seguridade débense observar e aplicar na súa permanencia e deambulación por zona portuaria con especial dilixencia, e atender á información de avaliación de riscos xerais dos portos.

8. Sen prexuízo do anterior, os pescadores que accedan ás zonas de servizo portuarias para a realización da actividade de pesca marítima de recreo en superficie deberán de dispor dunha póliza vixente de seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubra os danos propios e a terceiros en que poida incurrir o usuario coas seguintes coberturas mínimas:

- a) Cobertura de seguro por danos propios en instalacións portuarias con cobertura mínima por sinistro 300.000 €.
- b) Cobertura de seguro por danos a terceiros en instalacións portuarias con cobertura mínima por sinistro 450.000 €.



9. Non se permitirá o acceso rodado ás instalacións portuarias nin o estacionamento de vehículos de calquera clase fóra das zonas expresamente destinadas a tal fin, nin o estacionamento ou a parada en zonas de traballo nin destinadas ao uso profesional ou reservadas a outros usos.

10. A autorización non eximirá o titular da obtención das licenzas, permisos, seguros e autorizacións legais establecidos, entre elas a licenza de pesca marítima de recreo en superficie expedida pola Consellería do Mar (actualmente procedemento PE405A).

B) Réxime de prohibicións:

a) Non se permitirá a práctica da pesca marítima recreativa de superficie desde peiraos de atracada durante as operacións de atracada e desatracada ou mentres permanezan embarcacións nos peiraos, nin entre embarcacións.

b) Non se permitirá a práctica da pesca marítima recreativa de superficie desde zonas portuarias cando esta práctica poida afectar o normal tránsito e atracada de embarcacións de calquera índole dentro da dársena ou a súa seguridade.

c) Non se permitirá o acceso a pantaláns.

d) Non se permitirá o acceso a embarcacións.

e) Non se permitirá a manipulación de embarcación atracadas.

f) Non se permitirá a limpeza da pesca nos peiraos.

g) Os restos de pesca non se depositarán nos peiraos nin nos contedores portuarios e o usuario deberá desfacerse deles debidamente fóra da zona portuaria.

h) Prohíbese a reserva anticipada de sitio e a policía portuaria ou autoridade competente poderá comisar temporalmente os aparellos.

i) Establécese unha cabida máxima de 1 pescador cada 5 metros de fronte de peirao, ou liña de costa, libre.

j) Queda expresamente prohibida a pesca desde calquera clase de artefacto ou instalación flotante ou desde diques, e a submarina.



k) Queda expresamente prohibida a pesca en zonas concesionadas a terceiros e en portos deportivos.

l) Queda expresamente prohibida a pesca dentro dos portos comerciais durante operacións de estiba e desestiba, atracada e desatracada e durante a permanencia das mercadorías.

m) O incumprimento das condicións xerais e de acceso, así como a falta de presentación de declaración responsable e a acreditación de dispor da documentación exixida na presente resolución, dará lugar á apertura do expediente sancionador que corresponda.

Quinta. *Iniciación do procedemento de outorgamento*

Segundo o disposto no artigo 60 da Lei 6/2017, o procedemento para o outorgamento das autorizacións poderase iniciar mediante declaración responsable da persoa interesada segundo o disposto no procedemento aprobado na presente resolución, empregando o formulario que estarán á disposición na sede electrónica da Xunta de Galicia (anexo I).

Sexta. *Persoas declarantes*

Poderán formalizar a declaración responsable as persoas físicas que dispoñan de licenza de pesca marítima de recreo en superficie expedida pola Consellería do Mar e de seguro de responsabilidade civil indicado na condición 7ª de acceso ás instalacións portuarias, inserida na cláusula cuarta da presente resolución.

Sétima. *Forma, lugar e prazo de presentación da declaración responsable*

A declaración responsable presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderase presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



O prazo de presentación da declaración responsable é a partir do día seguinte ao da publicación no DOG da presente resolución. O prazo de presentación quedará aberto.

Oitava. *Tramitación da declaración responsable*

A presentación da declaración responsable permitirá, sen máis pronunciamento, o exercicio da actividade no/s portos/s incluído/s na declaración responsable, desde o día da súa presentación, nos lugares e baixo as condicións de acceso ás zonas portuarias e o réxime de prohibicións incluídos na presente resolución, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ten atribuídas Portos de Galicia e do estrito cumprimento das indicacións dadas por Portos de Galicia.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, ou a non presentación xunto coa declaración da documentación indicada no procedemento ou, se é o caso, a requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que procederen.

Novena. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa declaración responsable, anexo I, a seguinte documentación:

- Anexo II modelo de certificación acreditativa de ter constituído o seguro de responsabilidade civil coas contías mínimas exixidas.
- Documentación xustificativa da licenza de pesca de recreo en superficie outorgada pola Consellería do Mar.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de interme-



diación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da declaración responsable deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da declaración responsable e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Décima. *Comprobación de datos do procedemento*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- DNI/NIE da persoa declarante.
- DNI/NIE da persoa representante.



2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Décimo primeira. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na declaración responsable. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo segunda. *Trámites administrativos posteriores á presentación da declaración responsable*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. *Actualización de modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o/os modelo/s normalizado/s aplicable/s na tramitación do/dos procedemento/s regulado/regulados nesta disposición poderá/n ser actualizado/s co fin de mantelo/s adaptado/s á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación do/dos modelo/s actualizado/s na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará/n permanentemente accesible/s para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Anexo I. Modelo de declaración responsable.

Anexo II. Modelo de certificado de formalización de ter constituído o seguro de responsabilidade civil coas contías mínimas exixidas.

Anexo III. Clasificación dos portos autonómicos segundo a actividade destes portos, para efectos de autorización da pesca recreativa, en canto ao réxime de acceso conforme o levantamento da prohibición da actividade de pesca deportiva ou recreativa.




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I


PROCEDEMENTO PRÁCTICA DA PESCA MARÍTIMA DE RECREO EN SUPERFICIE EN ZONAS DE SERVIZO DOS PORTOS DEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO IF502A	DOCUMENTO DECLARACIÓN
--	---	---------------------------------

DATOS DA PERSOA DECLARANTE							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:							
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO						
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.							
<input type="radio"/> Electrónica, a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.							
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
PARROQUIA	LUGAR						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE		

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO	
PORTO/S NO/S CAL/CALES SE SOLICITA REALIZAR A ACTIVIDADE DE PESCA MARÍTIMA DE RECREO EN SUPERFICIE	
DATA INICIO VIXENCIA LICENZA PESCA MARÍTIMA RECREATIVA EN SUPERFICIE CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DO MAR	DATA FIN VIXENCIA LICENZA PESCA MARÍTIMA RECREATIVA EN SUPERFICIE CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DO MAR
NÚMERO DE PÓLIZA SEGURO RESPONSABILIDADE CIVIL	COMPAÑÍA ASEGURADORA
DATA INICIO VIXENCIA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL	DATA FIN VIXENCIA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL
COBERTURA ASEGURADA RISCOS PROPIOS	COBERTURA ASEGURADA A TERCEIROS

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: y3hk5qv4-jck6-7sh7-s9z1-dafiaqh13to6


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
2. Que coñece as bases que rexen o procedemento para a práctica de pesca marítima recreativa nos portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Que coñece a avaliación de riscos dos portos e instalacións portuarias publicada na web de Portos de Galicia www.portosdegalicia.com.
4. Que coñece a localización das zonas habilitadas para a práctica da pesca marítima recreativa nos portos solicitados, publicados no sitio web de Portos de Galicia, www.portosdegalicia.com, e é coñecedor de que unicamente se pode practicar a pesca recreativa nestas zonas.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

<input type="checkbox"/> Anexo II modelo de certificación acreditativa de ter constituído o seguro de responsabilidade civil coas contías mínimas exixidas			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación xustificativa da licenza de pesca de recreo en superficie outorgada pola Consellería do Mar			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa declarante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar. EPE Portos de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MARANEXO I
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba o levantamento da prohibición da práctica da pesca marítima de recreo en superficie en zonas de servizo portuarias e se aproba o procedemento de declaración responsable para a súa práctica en portos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento IF502A).

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Portos de Galicia



ANEXO II


XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

CERTIFICADO DE FORMALIZACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

IF502A - PRÁCTICA DA PESCA MARÍTIMA DE RECREO EN SUPERFICIE EN ZONAS DE SERVIZO DOS PORTOS DEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA


DATOS DA PERSOA AXENTE DE SEGUROS QUE ASINA			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA ENTIDADE ASEGURADORA QUE ASINA	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

COBERTURA: seguro de responsabilidade civil para atender a danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros, cunha cobertura mínima en instalacións portuarias de 300.000 €, e por danos propios e de 450.000 € por danos a terceiros por accións derivadas da práctica da pesca marítima recreativa en portos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.		
NÚMERO DE PÓLIZA	NOME E APELIDOS DA PERSOA ASEGURADA	NIF PERSOA ASEGURADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA INICIO VIXENCIA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL	DATA FIN VIXENCIA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
DATA DE INICIO VIXENCIA PÓLIZA	DATA DE FIN VIXENCIA DA PÓLIZA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
COBERTURA DANOS PROPIOS EN INSTALACIÓNS PORTUARIAS	COBERTURA DANOS A TERCEIROS EN INSTALACIÓNS PORTUARIAS	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

SINATURA DA PERSOA AXENTE DE SEGUROS OU DA PERSOA REPRESENTANTE DA ASEGURADORA	
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	

 Portos de Galicia


ANEXO III

Clasificación de portos aos efectos de autorizar a realización da pesca marítima de recreo en superficie

TOTAL LIBRE: 28

TOTAL PERMITIDO (TRAMIFICADO): 79

TOTAL NON PERMITIDO: 15

 Consultar os planos dos portos no sitio web: <https://www.portosdeg Galicia.gal/pesca-recreativa-portos>

ZONA	PROVINCIA	PORTO	CLASIFICACIÓN
Norte	Lugo	1. Ribadeo	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	2. Rinlo (Ribadeo)	LIBRE
Norte	Lugo	3. Foz	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	4. Nois (Foz)	LIBRE
Norte	Lugo	5. Burela	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	6. San Cibrao (Cervo)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	7. Morás (Xove)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	8. Portocelo (Xove)	LIBRE
Norte	Lugo	9. Celeiro (Viveiro)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	10. Viveiro	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	11. O Vicedo	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	12. O Barqueiro	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	13. Bares (Mañón)	LIBRE
Norte	Lugo	14. Espasante (Ortigueira)	LIBRE
Norte	Lugo	15. Ortigueira	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	16. Cariño	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	Lugo	17. Cedeira	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	A Coruña	18. Maniños-Barallobre (Fene)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	A Coruña	19. O Seixo (Mugardos)	LIBRE
Norte	A Coruña	20. Mugardos	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	A Coruña	21. Ares	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Norte	A Coruña	22. Redes (Ares)	NON PERMITIDO
Centro	A Coruña	23. Pontedeume	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	24. Perbes (Pontedeume)	LIBRE
Centro	A Coruña	25. Miño	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	26. Betanzos	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	27. Sada-Fontán	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	28. Lorbé (Oleiros)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	29. Mera (Oleiros)	LIBRE
Centro	A Coruña	30. Santa Cruz (Oleiros)	LIBRE
Centro	A Coruña	31. San Pedro de Visma (A Coruña)	NON PERMITIDO
Centro	A Coruña	32. Suevos (Arteixo)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	33. Caión (A Laracha)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)



ZONA	PROVINCIA	PORTO	CLASIFICACIÓN
Centro	A Coruña	34. Razo (Carballo)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	35. Malpica	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	36. Barizo (Malpica)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	37. Santa Mariña (Ponteceso)	LIBRE
Centro	A Coruña	38. Corme (Ponteceso)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	39. Laxe	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	40. Camelle (Camarifñas)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	41. Arou (Camarifñas)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	42. Santa Mariña (Camarifñas)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	43. Camarifñas	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	44. Muxía	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	45. O Sardiñeiro (Fisterra)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	46. Fisterra	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	47. Quenxe (Corcubión)	NON PERMITIDO
Centro	A Coruña	48. Corcubión	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	49. Brens-Cee (Cee)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	50. Ézaro (Dumbría)	LIBRE
Centro	A Coruña	51. O Pindo (Carnota)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	52. Portocubelo (Carnota)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	53. Muros	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	54. Os Muiños (Muros)	LIBRE
Centro	A Coruña	55. Esteiro (Muros)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	56. O Freixo (Outes)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	57. A Barquiña (Outes)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	58. O Conchido (Outes)	LIBRE
Centro	A Coruña	59. A Barquiña (Noia)	LIBRE
Centro	A Coruña	60. Noia	LIBRE
Centro	A Coruña	61. Testal (Noia)	NON PERMITIDO
Centro	A Coruña	62. Boa (Porto do Son)	LIBRE
Centro	A Coruña	63. Portosín (Porto do Son)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	64. Porto do Son	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	65. Corrubedo (Ribeira)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	66. Aguiño (Ribeira)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	67. Castiñeiras (Ribeira)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	68. Amiexido (Ribeira)	LIBRE
Centro	A Coruña	69. Ribeira	NON PERMITIDO
Centro	A Coruña	70. Insuela (Ribeira)	LIBRE
Centro	A Coruña	71. Palmeira (Ribeira)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	72. A Pobra	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	73. Escarabote (Boiro)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	74. Cabo de Cruz (Boiro)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	75. Ancados (Boiro)	LIBRE
Centro	A Coruña	76. Bodión (Boiro)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Centro	A Coruña	77. Taragoña (Rianxo)	LIBRE
Centro	A Coruña	78. Rianxo	PERMITIDO (TRAMIFICADO)



ZONA	PROVINCIA	PORTO	CLASIFICACIÓN
Centro	A Coruña	79. Rañó (Rianxo)	LIBRE
Sur	Pontevedra	80. Pontecesures	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	81. Carril (Vilagarcía)	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	82. Vilaxoán (Vilagarcía)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	83. As Sinas (Vilanova de Arousa)	LIBRE
Sur	Pontevedra	84. Vilanova de Arousa	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	85. San Miguel de Deiro (Vilanova de Arousa)	LIBRE
Sur	Pontevedra	86. O Xufre (A Illa de Arousa)	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	87. O Campo (A Illa de Arousa)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	88. Cabodeiro (A Illa de Arousa)	LIBRE
Sur	Pontevedra	89. Tragove (Cambados)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	90. Santo Tomé (Cambados)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	91. A Toxa (O Grove)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	92. O Grove	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	93. Meloxo (O Grove)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	94. Pedras Negras (O Grove)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	95. Portonovo (Sanxenxo)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	96. Sanxenxo	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	97. Raxó (Poio)	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	98. Covelo (Poio)	LIBRE
Sur	Pontevedra	99. Combarro (Poio)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	100. Campelo (Poio)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	101. Corbaceiras (Pontevedra)	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	102. Aguite (Marín)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	103. Bueu	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	104. Beluso (Bueu)	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	105. Aldán (Cangas)	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	106. Cangas	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	107. Moaña	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	108. Meira (Moaña)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	109. Domaio (Moaña)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	110. San Adrián de Cobres (Vilaboa)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	111. Santa Cristina de Cobres (Vilaboa)	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	112. Arcade (Soutomaior)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	113. Cesantes (Redondela)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	114. Canido (Vigo)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	115. Panxón (Nigrán)	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	116. Santa Marta (Baiona)	LIBRE
Sur	Pontevedra	117. Baiona	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	118. Oia	LIBRE
Sur	Pontevedra	119. A Guarda	PERMITIDO (TRAMIFICADO)
Sur	Pontevedra	120. A Pasaxe (A Guarda)	NON PERMITIDO
Sur	Pontevedra	121. Goián (Tomiño)	LIBRE
Sur	Pontevedra	122. Tui	PERMITIDO (TRAMIFICADO)

